



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2023


Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, registrou en novembro de 2023 un incremento do 7,3% con respecto a novembro de 2022; en España o incremento foi do 1,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 13,5% e os bens de equipo un 11,1% mentres que os bens intermedios caeron un 12,0%. Pola súa parte, a enerxía creceu un 20,4%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a "producción de enerxía eléctrica" que achega 4,4 puntos, "fabricación de vehículos de motor" que suma 3,1 puntos e a "confección de roupa de vestir", que achega 2,4 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "outras industrias extractivas", que resta 5,2 puntos e "industria química", que resta 0,3 puntos a taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2023



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en novembro de 2023 un aumento do 7,3% con respecto a novembro de 2022; en España o incremento foi do 1,1%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 13,5% e os bens de equipo un 11,1% mentres que os bens intermedios caeron un 12,0%. Pola súa parte, a enerxía creceu un 20,4%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un incremento do 13,5%, e suman 3,4 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 11,1% e achegan 2,9 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -12,0%, cunha repercusión de -3,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 20,4% e achega 4,3 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de outubro de 2023, por destino económico, os bens de consumo melloran 1,5 puntos, os bens de equipo empeoran 0,1 puntos e os bens intermedios 0,9 puntos; a enerxía mellora 1,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o incremento interanual en novembro do 7,3% débese principalmente ás achegas (14,1 puntos) de once ramas. As principais foron: "produción de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado", que achega 4,4 puntos, "fabricación de vehículos a motor", que achega 3,1 puntos e "confección de roupa de vestir" que achega 2,4 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (6,8 puntos) de quince ramas, as principais foron: "outras industrias extractivas" que resta 5,2 puntos e "industria química", que resta 0,3 puntos a taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de novembro moveuse entre o 18,2% de Illes Balears e o -7,4% de Navarra. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Galicia (7,3%), Castilla y León (6,5%), Aragón (6,3%), Canarias (5,0%), Madrid (3,4%) Cataluña (2,6%) e Extremadura (1,4%).

IPI Novembro 2023


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (5,9%) e Castilla y León (3,7%). As comunidades con maiores descenso son Murcia (-8,5%) e Cantabria (-5,6%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	118,5	7,3	2,4	--	--
Bens de consumo	136,3	13,5	-3,1	3,4	-0,9
Bens de equipo	125,4	11,1	12,3	2,9	3,0
Bens intermedios	107,9	-12,0	-3,9	-3,3	-1,1
Enerxía	106,4	20,4	8,0	4,3	1,4
España					
Xeral	111,4	1,1	-0,6	--	--
Bens de consumo	114,2	-1,2	0,1	-0,3	0,0
Bens de equipo	129,1	5,7	5,3	1,4	1,2
Bens intermedios	110,5	-1,0	-2,7	-0,3	-0,8
Enerxía	91,5	1,6	-4,8	0,3	-1,0

Fonte:INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2023

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	7,3		2,4		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	26,9	4,4	12,4	1,6	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	22,9	3,1	24,5	3,0	13,1
Confección de roupa de vestir	45,0	2,4	-5,1	-0,4	4,1
Industria do papel	133,4	1,3	13,5	0,2	2,2
Industria da alimentación	9,6	1,3	-1,6	-0,2	13,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	14,4	0,6	-10,7	-0,6	3,6
Fabricación doutro material de transporte	59,0	0,6	27,7	0,3	2,0
Fabricación de mobles	6,8	0,1	-2,6	-0,1	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4,6	0,1	8,5	0,2	2,5
Industria téxtil	0,9	0,0	-1,1	0,0	0,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,0	0,0	5,2	0,1	4,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-1,3	0,0	-21,0	-0,8	5,1
Fabricación de bebidas	-1,4	-0,1	2,9	0,1	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-0,9	-0,1	-5,7	-0,5	7,7
Outras industrias manufactureiras	-14,1	-0,1	-15,2	-0,1	0,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-5,1	-0,2	-0,8	0,0	2,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-5,5	-0,2	-6,3	-0,2	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-16,3	-0,2	9,8	0,1	1,4
Industria química	-19,2	-0,3	-10,3	-0,2	1,5
Outras industrias extractivas	-81,4	-5,2	-0,2	0,0	1,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte:INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	111,4	1,1	-0,6
Galicia	118,5	7,3	2,4
Andalucía	95,5	-3,7	-3,7
Aragón	118,2	6,3	1,5
Asturias	101,7	0,9	-4,5
Baleares (Illes)	89,7	18,2	-0,7
Canarias	104,2	5,0	5,9
Cantabria	108,7	-5,8	-5,6
Castilla - La Mancha	112,4	-1,7	2,5
Castilla y León	106,2	6,5	3,7
Cataluña	113,1	2,6	0,0
Comunitat Valenciana	108,4	-4,1	-3,4
Extremadura	105,8	1,4	1,7
Madrid	124,8	3,4	3,4
Murcia	109,1	0,4	-8,5
Navarra	114,1	-7,4	-3,6
País Vasco	113,7	-0,8	-2,3
Rioja (La)	90,2	0,9	-4,2

Fonte:INE